

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17/03/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licenzas urbanísticas.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **17/03/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 3 de Marzo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Licenzas urbanísticas.-

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A **IGNACIO JOSÉ BARREIRO BELLO**, veciño de Fisterra, para proceder á instalación do servizo de auga potable con destino á unha vivenda que se pretende construír nunha finca sita na localidade de San Martiño de Arriba deste Termo Municipal, conectándo coa rede xeral que pasa pola zona; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada coa finalidade de que por parte dos servizos urbanísticos sexa concretado coa propiedade o lugar onde se producirá o entronque coa rede xeral de auga.

2) Na conexión do abastecemento á rede xeral realizarase con tubería de polietileno de baixa densidade de 32 mm de diámetro e PN10, mediante collarín de toma de fundición de 1", no entronque realizarase unha arqueta de 20x20 con chave de corte de 1" e situarase en zona visible dende o espazo público cadro de contadores.

3) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

4) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados, se é o caso, coas mesmas calidades de materiais.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

A JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS, veciño de Fisterra, para proceder á instalación do servizo de auga potable con destino á unha finca sita na localidade de Mallas deste Termo Municipal, conectando coa rede xeral que pasa pola zona; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada coa finalidade de que por parte dos servizos urbanísticos sexa concretado coa propiedade o lugar onde se producirá o entronque coa rede xeral de auga.

2) Na conexión do abastecemento á rede xeral realizarase con tubería de polietileno de baixa densidade de 32 mm de diámetro e PN10, mediante collarín de toma de fundición de 1", no entronque realizarase unha arqueta de 20x20 con chave de corte de 1".-

3) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

4) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados, se é o caso, coas mesmas calidades de materiais.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de

seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

A **SILVESTRE AREAS PÉREZ**, veciño de Fisterra, para proceder á realización de obras consistentes na Rehabilitación do Muro da Igrexa Parroquial de San Martiño de Duio, debendo axustarse na súa totalidade os planos redactados polo Arquitecto Técnico, Basilio Canosa Díaz e ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na Resolución dictada con data 3 de Marzo de 2016, das que se dará traslado ó interesado, que constan no expediente.-

A **MARÍA DEL CARMEN DOMÍNGUEZ SANTAMARÍA e MANUEL SALVADOR CANOSA INSUA**, veciños de Fisterra, para proceder á Segregación dun Predio sito na citada localidade, cunha superficie total de 8.765 metros cadrados nas seguintes:

PARCELA	SUPERFICIE
1	6.829,61 m2
2	1.500,00 m2
3 (Finca cesión Concello Fisterra)	435,39 m2

Dita cesión deberá ser formalizada en Documento Notarial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación deste acordo.

Debendo axustarse na súa totalidade o Proxecto de Segregación redactado a tal efecto polo Arquitecto Manuel Angel Marcote Escariz, de data 7/01/2016 e 15/03/2016, que consta no expediente.

Asimesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de Cento vinte euros (120,00 €) en concepto da Taxa pola prestación de servizo urbanísticos prevista na Ordenanza Fiscal reguladora.-

B) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que consta no expediente e tendo en conta que na sesión do día 5 de Decembro de 2014 foi concedida Licenza Urbanística a FELIX SÁNCHEZ ORTEGA para proceder á Construción de dúas Vivendas Unifamiliares a emprazar nunha parcela sita nesta vila, transmitida o día 13 de Agosto de 2015 a favor de FELIX SANCHEZ ORTEGA e JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, baixo as condicións establecidas na mesma na licenza outorgada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender presentado e aceptar o Proxecto de Execución das obras en cuestión visado con data 4/02/2016, dado que non rebaixa as prestacións declaradas no Proxecto Básico presentado xunto coa solicitude de licenza

urbanística, nin altera os usos e condicións manifestados no proxecto referido e tendo en conta que a diferenza de superficies entre o Proxecto Básico e o de Execución responden exclusivamente a maior definición do último proxecto e en ningún caso superan as máximas permitidas en aplicación dos parámetros da ordenanza correspondente.-

2) Notificar este acordo aos promotores para o seu coñecemento e demais efectos; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

C) Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación, indica que con data 15 de Outubro de 2014 foi concedida Licenza Urbanística a IGNACIO JOSÉ BARREIRO BELLO e MARÍA BEGOÑA SENLLE CASTREGE, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar illada a emprazar nunha parcela sita en San Martiño de Arriba deste Termo Municipal; baixo as condicións establecidas na mesma, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender presentado e aceptar o Proxecto de Execución das obras en cuestión visado con data 5/01/2016, dado que non rebaixa as prestacións declaradas no Proxecto Básico presentado xunto coa solicitude de licenza urbanística, nin altera os usos e condicións manifestados no proxecto referido e tendo en conta que a diferenza de superficies entre o Proxecto Básico e o de Execución responden exclusivamente a maior definición do último proxecto e en ningún caso superan as máximas permitidas en aplicación dos parámetros da ordenanza correspondente.-

2) Notificar este acordo aos promotores para o seu coñecemento e demais efectos; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

3º ASUNTOS VARIOS

AXUDAS ECONOMICAS

A) A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Comision do Carmen e Santa Maria de Fisterra, con CIF G70432836 e domicilio social na rúa Ara-Solis, 10 desta Vila, unha axuda económica polo importe de Seis mil dez euros con doce céntimos (6.010,12 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da celebración festas do Santo Cristo os dias 26, 27 e 28 de Marzo de 2016

debendo presentar, unha vez rematadas, Memoria con documentos xustificativos, dentro do prazo de Dous meses contados a partires do remate das mesmas .-

B) A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Carlos Velasco Herguedas, na representación do Colegio Nuestra Sra del Carmen e como Director do mesmo unha axuda económica polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da excursión fin de curso dos Alumnos de 4º de ESO ano 2016, debendo presentar unha Memoria Xustificativa de dita actividade dentro do prazo de Dous meses contados a partires do remate das mesmas .-

C) A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a JUAN JOSE CANOSA SENLLE e JUAN JOSE CANOSA VIGO, veciños de Fisterra, como organizadores do Campeonato de Caza " San Huberto " unha axuda económica polo importe de Seiscentos cincuenta euros (650,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen con este motivo debendose facer en toda a publicidade a colaboración deste Concello e presentar, unha vez rematado, Memoria con documentos xustificativos, dentro do prazo de Dous meses.--

VENDA AMBULANTE (LISTA DE ESPERA)

A) Vista a solicitude presentada co número 693 (RE) de 11/3/2016 por **Carlos Castelao Arca**, e domicilio en A Estrada, na que solicita **un posto na venda ambulante para adicarse á venda de textil (roupa de nenos)**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Incluilo na lista de espera da venda ambulante co número 78, para adicarse á venda de textil (roupa de nenos)**.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LICENZAS DE APERTURA (TRANSMISION DE LICENZAS)

A) Visto o expediente iniciado co número 636 (RE) de 3/3/2016 por **José Sambad-Baliña Santos**, e domicilio neste termo municipal, no que solicita a **transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “lavado e engrase de vehículos”, “reparación de automóbiles e bicicletas” e “comercio menor de vehículos terrestres”** que se localiza no baixo da Avda da Anchoa, deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 14/2/2013 concedíulle licenza definitiva de apertura de lavado e engrase

de vehículos, reparación de automóviles e bicicletas e comercio menor de vehículos terrestres” que se localiza no baixo da edificación da Avda da Anchoa, deste termo municipal a TALLERES SAMBAD, S.C..

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre TALLERES SAMBAD, S.C., e José Sambad-Baliña Santos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a José Sambad-Baliña Santos, licenza de apertura de lavado e engrase de vehículos, reparación de automóviles e bicicletas e comercio menor de vehículos terrestres” que se localiza no baixo da edificación da Avda da Anchoa, deste termo municipal.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 625 (RE) de 2/3/2016 por Aranka Margit Posa, e domicilio nesta vila, no que comunica que ao cambiar de nome, solicita que se lle expida unha nova licenza de apertura de albergue que se localiza na edificación da rúa Federico Avila, desta vila.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 2/10/2012 concedíulle licenza definitiva de apertura de albergue que se localiza na edificación da rúa Federico Avila, desta vila a Laszlo Belane Horvath.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a xustificación de cambio de nome de Laszlo Belane Horvath que pasa a chamarse agora Aranka Margit Posa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder a Aranka Margit Posa, licenza de apertura de albergue que se localiza na edificación da rúa Federico Avila, desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o expediente iniciado co número 592 (RE) de 1/3/2016 por **Ana García Agrelo**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” que se localiza no baixo do Paseo da Ribeira desta vila.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 25/6/2009 concedíulle licenza definitiva de apertura de café bar que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira desta vila a Manuel Agulleiro Noya.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Manuel Agulleiro Noya e Ana García Agrelo.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder a Ana García Agrelo, licenza de apertura de café bar que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.